



Mensaxe do Día Mundial do Teatro 2025

Theodoros Terzopoulos

Director de escena, autor e fundador e director artístico de Attis Theatre Company
– Grecia

Pode o teatro escoitar a chamada de auxilio que os tempos modernos están a enviar a un mundo habitado por cidadáns empobrecidos e encerrados nas celas da realidade virtual e atrincheirados na súa asfixiante privacidade? Pode facelo nun universo de existencias robotizadas dentro dun sistema totalitario de control e represión que abarca a totalidade da vida?

O teatro, está preocupado pola destrución ecolóxica, o quecemento global, a perda masiva de biodiversidade, a contaminación dos océanos, o desxeo, o incremento dos incendios forestais e os eventos climáticos extremos? Pode o teatro ser parte activa do ecosistema? Durante moitos anos foi un espectador máis do impacto que tivemos os seres humanos na nosa contorna e viuse en dificultades para lidar con este problema.

Preocúpalle ao teatro a maneira en que a condición humana está a ser moldeada e manipulada no século XXI por intereses políticos e económicos, os grandes medios informativos e as compañías que configuran a opinión xeral? Preocúpase polo papel asumido polas redes sociais que facilitan a manipulación e convértense en obstáculo, case insalvable, para a comunicación co Outro?

Un sentido xeneralizado de temor polo Outro, o Diferente, o Estraño domina os nosos pensamentos e as nosas accións.

Pode o teatro funcionar como un espazo de traballo para a coexistencia das diferenzas sen ter en conta a ferida aberta?

A ferida aberta convídanos a reconstruír o Mito. Palabras de Heiner Müller: “O Mito é un agregado, unha máquina á que sempre se poden conectar novas e diferentes máquinas. Transporta a enerxía ata que a crecente velocidade explota o terreo cultural”. E eu engadiría: o terreo da barbarie.

Pode o teatro esclarecer os traumas sociais e deixar de alumar sobre si mesmo?

Preguntas certas que fai Dioniso ao teatro cando pasa polo seu lugar de nacemento, o escenario do edificio teatral, e, coma un refuxiado, continúa a súa silenciosa viaxe a través das paisaxes bélicas hoxe en día: o Día Mundial do Teatro.

Preguntas que non permiten respostas definitivas, porque o teatro existe e perdura grazas a preguntas sen respostas.

Miremos nos ollos de Dioniso, o extático deus do teatro e do Mito, que une o pasado, o presente e o futuro; o fillo de dous nacementos, Zeus e Semele; a expresión das identidades fluídas, femia e macho, iracundo e xentil, divino e animal, no límite entre a tolemia e a razón, a orde e o caos; un acróbata na fronteira entre a Vida e a Morte. Dioniso formula a pregunta fundamental ontolóxica: “De que se trata?”. Pregunta que conduce ao creador para realizar unha investigación cada vez máis profunda na raíz do mito e das múltiples dimensións do enigma humano.

Necesitamos novas formas narrativas cuxo obxectivo sexa cultivar a memoria e darlle forma a unha nova responsabilidade moral e política que emerxa da actual ditadura multiforme desta nova Idade Media que vivimos nos nosos días.

Theodoros Terzopoulos



Texto a partir de la traducción ao español de Álvaro Franco, Gilberto Bello e Epifanio Arévalo - RET Colombia